

ACTA DA REUNIÓN DA XUNTA ELECTORAL DAS ELECCIÓNS A PRESIDENTE, ASEMBLEISTAS E COMISIÓN DELEGADA DA FEDERACION GALEGA DE BALONCESTO 2026

Mediante xuntanza telemática (aplicación Zoom da que dispón a Federación Galega de Baloncesto e da que solicitamos e autorizamos a correspondente gravación) e sendo ás 16:00 horas do día 18 de xuño de 2026, reúnense todos os membros que compoñen a Xunta Electoral das Eleccións a Asembleístas e presidente e Comisión Delegada da Federación Galega de Baloncesto, baixo a presidencia de Dº Jose Ramón Pereira Rodríguez con dni xxxx714-J, a asistencia de D. Javier Nogueira Garrido con dni xxxx228-W en calidade de secretario e Dª Beatriz Seoane Chao con dni xxxx347-J, esta última en calidade de vogal, co obxecto de:

RESOLVER AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS OS CENSOS PROVISIONALES DE ENTIDADES DEPORTIVAS, XOGADORES/AS, ARBITROS/AS E TECNICOS/AS.

Esta xunta electoral, no exercicio das funcións encomendadas, accede ao enderezo electrónico habilitado, atopando diversas reclamacións feitas polos interesados ao censo provisional, que de seguido pásanse a resolver:

1º) Con respecto á **reclamación presentada por el Club Compañía de María de A Coruña** alegando un erro en canto o nome do Presidente, no censo provisional figura o nome de MARÍA JOSÉ DOCE GARCÍA, cando en realidade e segundo se dispón na Resolución da Secretaría Xeral para o Deporte de data 05/03/2026 no que acórdase modificar a composición da Xunta Directiva do referido club, o nome da persoa que figura co cargo de Presidente da Xunta Directiva do referido club é DAVID ESCUDERO DANS.

En virtude do exposto esta Xunta Electoral resolve que segundo ven prescrito no artigo 8 do Regulamento Electoral e habendo acreditado o mencionado cambio se proceda o cambio do nome do Presidente e representante legal do Club pasando de “MARÍA JOSÉ DOCE GARCÍA” a “DAVID ESCUDERO DANS”.

2º) Con respecto á **solicitud realizada por D. Adrian Giz Rodríguez** solicitando un cambio da Delegación de Pontevedra á Delegación de A Coruña, por esta Xunta Electoral se lle requiriu para que, segundo dispón o artigo 6.1.a do Regulamento Electoral, presentase copia da licencia federativa das temporadas 2.024/2.025 y 2.025/2.026 co obxecto de realizar a oportuna comprobación, sen que se houbera recibido a documentación solicitada, polo que procede desestimar a solicitud plantexada polo Sr. Giz Rodríguez.

3º) Con respecto á **solicitud realizada por D. Jorge Moreno Covelo** solicitando a inclusión no censo de árbitros, e segundo se dispón o artigo 6.3 do Regulamento Electoral procédese a estimar a solicitud plantexada incluíndoo no estamento de árbitros.



4º) Con respecto a solicitude do **club Deleite Baloncesto Galdea** alegando que nin o seu club, co CIF G*****433, nin os/as seus/súas xogadores/as nin os/as seus/súas técnicas/os aparecen en ningún censo, esta Xunta Electoral, segundo dispón o Regulamento Electoral, solicitoulle copia das inscricións (licenzas federativas) de xogadores/as e técnicos/as para comprobar si nas tempadas 2023/2024 e 2024/2025 esas persoas se atopaban no club e tiñan licenza federativa en vigor.

No caso do club requiríuselle copia da inscrición na federación galega de baloncesto e no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia de data igual ou anterior o mes de xaneiro de 2024 así como certificado de estar a participar na actual tempada e ter participado nas tempadas 2023-2024 e 2024-2025 nunha competición deportiva oficial da federación galega de baloncesto, polo menos en unha competición en cada tempada.

O club en data 9 de xuño de 2.026 aporta a seguinte documentación:

1. - Seis follas con membrete da Federación Galega de Baloncesto nas que se relacionan os equipos e as competicións nas que participaron os referidos equipos do club nas tempadas 2.019, 2.020, 2.021, 2.022, 2.023, 2.024 e 2.025, así como o número de licencias cas que contaban ditos equipos en esas tempadas.

Una vez examinada por esta Xunta Electoral a documentación presentada polo club Deleite Baloncesto Galdea e a tenor do disposto no artigo 8 do Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben de rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas e nos artigos 6.1.b do Regulamento Electoral para a elección a membros da asemblea xeral, presidente e comisión delegada da Federación galega de Baloncesto, esta Xunta Electoral resolve estimar a alegación presentada polo referido club Deleite Baloncesto Galdea debéndose incluír no censo de clubs.

En canto os técnicos/as e xogadores/as do club, e segundo o dispón o referido Regulamento Electoral no artigo 6.1.a.2º, se deberán incluír nos respectivos censos aqueles que reúnan os seguintes requisitos:

- 1º) Ser maior de idade na data de celebración das votacións.
- 2º) Ter licenza federativa en vigor na data de convocatoria das eleccións e as dúas tempadas anteriores a da celebración das eleccións.
- 3º) Ter participado nas tempadas 2024/2025 e 2023/2024.

E non habendo máis asuntos que tratar tense por rematada a reunión sendo ás 17:00 hrs. do día da data.

Asdo. José Ramón Pereira Rodríguez. O presidente

PEREIRA RODRIGUEZ
JOSE RAMON -
34936714J

Firmado digitalmente por PEREIRA
RODRIGUEZ JOSE RAMON -
34936714J
Fecha: 2026.06.18 18:35:01 +02'00'

Asdo.: Javier Nogueira Garrido. O secretario

Firmado por NOGUEIRA GARRIDO
JAVIER - ***1022** el día
18/06/2026 con un certificado
emitido por AC FNMT Usuarios

SEOANE CHAO
BEATRIZ
MARIA -
32684347J



Firmado digitalmente
por SEOANE CHAO
BEATRIZ MARIA -
32684347J
Fecha: 2026.06.18
17:18:24 +02'00'

Asdo.: Beatriz Seoane Chao. A vogal.

